



CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía núm. 279/2019 do Concello de Bóveda de data 29/05/2019, aprobouse a convocatoria para a contratación da praza denominada auxiliar administrativo, en réxime laboral temporal, polo sistema de concurso-oposición.

Na sede electrónica <https://concellodeboveda.sedelectronica.es> (Portal de Transparencia-Institucional-Persoal-Oferta de emprego público <https://concellodeboveda.sedelectronica.es/transparencia/4462ca31-5b8f-4c14-a375-02be0a1c70ce/>) aparecen integramente publicadas as bases que deben rexer a convocatoria para a contratación da praza.

Achéganse as bases reguladoras que rexerán na convocatoria:

«BASES PARA A SELECCIÓN DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A AO ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a provisión con carácter temporal dun posto de auxiliar administrativo/a (Grupo C2) para a execución de programas de carácter temporal de acordo co disposto no artigo 15.1.a) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Programa de carácter temporal: Dixitalización de documentos, arquivo sistematizado de expedientes, apoio na tramitación de expedientes, atención cidadá, etc.

A xornada de traballo será de 37,30 horas semanais, fixando como días de descanso o sábado e domingo. O horario de traballo será o correspondente ao do persoal administrativo do concello.

Fíxase una retribución bruta mensual de 1.052,79 euros incluíndo o prorrateo das pagas extraordinarias.

2. NOMEAMENTO E DURACIÓN

A duración dos nomeamentos efectuados a través do Programa Fomento do Emprego 2019 será como máximo de doce meses e terá como data límite o 30 de setembro de 2020.

3. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para participar no proceso de selección os aspirantes deberá reunir na data de finalización do prazo de presentación das instancias os seguintes requisitos:

a) Ser español ou nacional dos demais estados membros da unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo os estranxeiros que reúnen a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, non encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal loabral, no que fose separado ou inhabilitado.

e) Posuír titulación de graduado en ESO ou equivalente.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

4. PUBLICIDADE

A publicación da convocatoria realizarase mediante a publicación dun anuncio no BOP de Lugo. As bases completas publicaranse igualmente na sede electrónica deste Concello <https://concellodeboveda.sedelectronica.es> (Portal de Transparencia-Institucional-Persoal-Oferta de emprego público <https://concellodeboveda.sedelectronica.es/transparency/4462ca31-5b8f-4c14-a375-02be0a1c70ce/>) e no taboleiro de anuncios do Concello. Os sucesivos anuncios publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

5. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os que desexen participar no proceso de selección deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, segundo modelo oficial que se inclúe como anexo II ás presentes bases, no prazo de 20 días hábiles contados a partir do anuncio da convocatoria. Se o último día coincidise en día inhábil ou en sábado o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil inclusive.

As instancias deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do D.N.I.
- b) Fotocopia cotexada da titulación esixida.
- c) Fotocopia cotexada dos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Electrónico Xeneral do Concello de Bóveda (<https://concellodeboveda.sedelectronica.es>) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. No caso de presentarse a solicitude en rexistro distinto ao do Concello de Bóveda deberá adiantarse por fax copia da instancia dentro do prazo de presentación das solicitudes (Nº de Fax 982-426302).

6 ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de quince días, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos e publicarase na sede electrónica deste Concello e no Taboleiro de Anuncios do Concello, sinalando un prazo de 10 días hábiles para emenda de defectos.

Transcorrido o prazo de emenda pola Alcaldía, aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará na sede electrónica deste Concello [<https://concellodeboveda.sedelectronica.es>] e no Taboleiro de Anuncios. Igualmente publicarase a data na que efectuará a baremación de méritos.

7.-SISTEMA DE SELECCIÓN.

Os/as aspirantes serán chamados/as para a realización das probas nun único chamamento, quedando excluídos do proceso os/as que non comparezan.

O sistema de selección constará de dúas fases:

Fase I-Exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Realización dun exercicio que consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 30 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no Anexo I e redacción dun documento administrativo determinado polo Tribunal.

Esta proba terá carácter eliminatorio e puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario acadar unha puntuación de 5 para superala.

Proba de galego. O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará como apto ou non apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten posuír, con carácter previo, como mínimo o título Celga 3 ou quivantes debidamente homologado.

Fase II. Valoración de méritos.

1. Experiencia profesional, ata un máximo de 3 puntos

- Por servizos prestados en calquera das Administracións Públicas en posto de traballos iguais aos que se convocan0,10 puntos/mes completo.
- Por servizos prestados en empresas privadas en postos de traballo iguais aos que se convocan0,50 puntos/mes completo.

A experiencia profesional acreditarase mediante certificado de vida laboral ao que obrigatoriamente deberá achegarse copia compulsada de contratos ou certificados de empresa nos que consten as funcións desempeñadas. A carencia dun destes documentos implicará a non valoración dese mérito alegado.

2. Fomación complementaria, ata un máximo de 2 puntos.

Por cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados, ata un máximo de 2 puntos.

- Cursos de máis de 250 horas 0,50 puntos
 - Cursos de 100 a 250 horas 0,25 puntos
 - Cursos de menos de 100 horas 0,10 puntos
- A formación complementaria deberá acreditarse mediante copia compulsada dos diplomas acreditativos de ter realizada a formación nos que conste o número de horas lectivas.

3. Pertenza a colectivos con dificultades de inserción laboral. (Máximo 1,5 punto)

De acordo co establecido no convenio asinado coa Deputación, primarase pertencer a colectivos con dificultades de integración laboral tales como:

- Mulleres: 0,30
- Maiores de 45 anos: 0,30
- Parados de longa duración: 0,30 Considerarase parado de longa duración estar inscrito ininterrompidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 ou mais meses.
- Persoas con discapacidade: 0,30
- Persoas vítimas de violencia de xénero: 0,30

Os méritos referidos a este apartado acriditaranse do seguinte xeito:

Os referidos ó sexo e idade coa presentación de copia compulsada do DNI ou aquel que o substitúa en caso de cidadáns extranxeiros.

O recoñecemento dunha minisvalía/discapacidade igual ou superior o 33% co certificado de recoñecemento do grao de minusvalía/discapacidade emitido pola autoridade competente.

A condición de parado de longa duración acreditarase cum certificado do servizo público de emprego de que o aspirante se atopu de xeito ininterropido en situación de damandantes de emprego nos últimos 12 meses.

A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase presentando: Certificación da Orde de protección ou medida cautelar, sentenza que declare que a muller sufriu violencia de xénero, informe do Ministerio Fiscal ou informe dos Servizos Sociais ou sanitarios no que se recolla a condición de vítima de violencia de xénero.

8. TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal de selección será designado polo alcalde mediante Decreto.

O Tribunal calificador estará constituído por un número impar de membros:

- Presidente.
- Secretario.
- Tres Vogais.

Suplentes:

- de Presidente
- de Secretario
- de Vogais

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do estrito cumprimento das bases da convocatoria, da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos resultados. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

9. RELACIÓN DE ASPIRANTES E CUALIFICACIÓN

Rematada a cualificación, o Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello a relación de aspirantes pola orde obtida por cada un deles, seleccionándose o aspirante que acada a maior puntuación.

Finalizada a oposición, o Tribunal procederá a avaliar os méritos e servizos dos aspirantes que fosen considerados como aptos na citada fase de oposición.

A cualificación da fase de oposición será a suma das puntuacións obtidas nos exercicios práctico e teórico.

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidato para a formalización do contrato, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contravenga o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

Formalizado o contrato deberase comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo do dez días seguintes á súa concertación; así mesmo, deberase informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica do contrato celebrado.

Até que se formalice os contrato e se incorpore ao posto de traballo correspondente, os aspirantes non terán dereito a percepción económica algunha.

10. INCIDENCIAS

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, se este radica en Galicia, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; e o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

ANEXO I

- 1.—A Constitución Española de 1978. Principios constitucionais. Dereitos e deberes fundamentais. Garantías legais, xurisdicionais e institucionais.
- 2.—A Coroa. Os poderes do Estado: a división de poderes.
- 3.—A Administración Pública no ordenamento español. A personalidade xurídica da Administración Pública. Clases de Administracións públicas.
- 4.—O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.
- 5.—Principios de actuación da Administración pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. Sometemento da administración á lei e o dereito. Fontes do dereito público.
- 6.—O acto administrativo: Concepto, clases e elementos. Validez dos actos administrativos. Execución dos actos administrativos.
- 7.—O procedemento administrativo: principios xerais e fases do procedemento administrativo.
- 8.—Recursos administrativos: concepto e clases. Recurso Contencioso administrativo.
- 9.—O Réxime Local español. Entidades que configuran a Administración Local española. Autonomía das entidades locais de acordo coa Constitución.
- 10.—O municipio: concepto e elementos. O termo municipal. A poboación. O empadramento. Breve referencia á Provincia. Organización e competencias.
- 11.—Organización municipal. Competencias.
- 12.—Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificación de acordos.
- 13.—Outras entidades locais. Comarcas, Mancomunidades, Áreas metropolitanas. Agrupacións. Entidades locais de ámbito inferior ó municipio.
- 14.—Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.
- 15.—A función pública local. O persoal ó servizo do Concello e a súa clasificación.
- 16.—Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais. Faltas e sancións dos funcionarios locais. O procedemento disciplinario.

17.—Facendas locais: clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais, procedemento de aprobación. A recadación dos tributos en vía voluntaria e executiva.

18.—A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información pública e bo goberno. Publicidade activa. O dereito de acceso á información pública.

19.—O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación dos documentos. Comunicacións e notificacións.

20.—Dereitos e deberes dos cidadáns en relación coa actividade das administracións públicas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO II**"Sr. Alcalde-Presidente do concello de Bóveda (Lugo)****PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO****DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE:**

Nome _____, Apelidos: _____, D.N.I./N.I.E./ Pasaporte: _____, data nacemento: _____, Nacionalidade: _____, Enderezo a efectos de notificación: _____, C.P.: _____, Municipio: _____, Provincia: _____, teléfono/s: _____, enderezo electrónico: _____.

EXPÓN:

1º.- Que vista a convocatoria efectuada polo concello de Bóveda para a provisión con carácter temporal dun posto de auxiliar administrativo/a, en réxime de persoal laboral temporal, mediante o sistema de concurso-oposición, conforme as Bases publicadas no Boletín Oficial da provincia de Lugo número: _____, de data: _____, ao abeiro do programa de fomento do emprego DEPUEMPREGO, da Excm. Deputación provincial de Lugo.

2º.- Que cre reunir todas e cada unha das condicións exixidas nas bases referidas na data de expiración do prazo de presentación da instancia.

3º.- Que declara coñecer as bases xerais da convocatoria para a provisión en propiedade dunha praza de auxiliar administrativo, mediante o sistema de concurso-oposición.

4º.- Achego coa presente solicitude os seguintes documentos:

- Fotocopia do D.N.I. ou documento equivalente en vigor.
- Fotocopia compulsada da titulación exixida na convocatoria.
- Documentación acreditativa dos méritos puntuables na convocatoria.
 - Experiencia profesional (relación da documentación presentada):
 - _____
 - _____
 - _____
 - Formación, Relación da documentación que se achega dos cursos :
 - _(denominación do curso)_____ Horas do curso:_____
 - _____ Horas do curso:_____
 - _____ Horas do curso:_____
 - _____ Horas do curso:_____
 - _____ Horas do curso:_____
 - _____ Horas do curso:_____
 - _____ Horas do curso:_____
- Pertenza a colectivos con dificultades de inserción laboral, Relación de documentos que se achegan:
 - _____.
 - _____.
 - _____.

5º.- No caso de discapacidade.

Grao de discapacidade: ___

Necesita tempo e medios para a realización das probas: Si/Non

SOLICITO:

Que se admíta esta solicitude para as probas de selección de persoal referenciada e declaro baixo a miña responsabilidade ser certos os datos que se consignan.

Data e sinatura do aspirante."

_____.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica deste Concello <http://concellodeboveda.sedelectronica.es>, no seu Taboleiro de Anuncios.

Bóveda, 4 de xuño de 2019.- O Alcalde.- José Manuel Arias López.

R. 1631

O CORGO

Anuncio

MODIFICACIÓN DO PREZO PÚBLICO POLO USO DA PISCINA E VESTIARIOS

MARCO ANTONIO GARCÍA-GABILÁN SANGIL, LICENCIADO EN DEREITO E SECRETARIO DO CONCELLO DO CORGO (LUGO),

CERTIFICO:

Que por acordo da Xunta de Goberno Local do día 23 de maio de 2019, acordouse a modificación do prezo público polo uso da piscina e vestiarios, que fora aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de maio de 2018, publicándose no BOP de Lugo nº 116, do 23 de maio de 2018, e entrando en vigor o 24 de maio de 2018. A modificación do prezo público entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP de Lugo e queda redactado do seguinte xeito:

"PREZO PÚBLICO POLO USO DA PISCINA E VESTIARIOS

Primeiro.- É obxecto deste acordo o establecemento do prezo público polo uso das instalacións da piscina e vestiarios municipais, sitos na praia fluvial do Río Chamoso.

Segundo.- Están obrigados ao pago do prezo público regulado neste acordo, quen utilice as referidas instalacións, devengándose o correspondente prezo desde o momento da solicitude.

Terceiro.- O pago do prezo público realízase con carácter previo ao uso das instalacións.

Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago, non se puidese facer uso das instalacións referidas, procederase á devolución do seu importe, ou ben permitir a súa utilización por outra data dispoñible, elixida polo interesado.

Cuarto.- O prezo público comprende o uso da piscina municipal, así como do resto das súas instalacións e os vestiarios anexos.

Quinto.- O importe do prezo público será o seguinte:

1º) Prezo público por uso durante o horario de apertura de un día natural: 2 €

2º) Bono para o uso durante 15 días: 10 €

3º) Bono para o uso durante 30 días: 15 €

Sexto.- As posibles débedas deste prezo público poderán esixirse en periodo executivo polo procedemento de apremio.

Sétimo.- O prezo público regulado neste acordo poderase reducir ou eximir do pago aos seguintes colectivos, sempre que así o decida o órgano competente, previo estudio razoado das causas que motivan a redución ou exención:

- a) Clubes e entidades inscritas en federacións, exclusivamente para cursos de natación.*
- b) Cursos de natación e actividades recreativas (campamentos de verán) organizados polo Concello do Corgo*
- c) Menores de idade cuxas familias se atopen en risco de exclusión social ou vulnerabilidade, con informe previo dos servizos sociais do concello.*
- d) Os nenos menores de 5 anos, sempre que vaian acompañados dun adulto, ata un máximo de tres nenos por acompañante.*

Oitavo.- O presente acordo terá efectividade ao día seguinte da súa publicación no BOP de Lugo."

Recursos: Contra o presente acordo, poderá interpoñer, potestativamente o recurso de reposición, ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da notificación ou interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sito en C/ Armando Durán, 27002- Lugo, durante o prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da referida notificación, sen poder simultaneamente ambos os dous, conforme se dispón nos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, advertíndolle

que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente e/ou exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente.

Para que conste, para xeral coñecemento, expídese o presente certificado, co visto e praxe do Sr. Alcalde, no Corgo, a cinco de xuño de dous mil dezanove.

O SECRETARIO, Marco Antonio García-Gabilán Sangil, Vº E PRACE, O ALCALDE.- José Antonio Ferreiro González.

R. 1668

COSPEITO

Anuncio

Iniciado expediente por acordo do Pleno da Corporación de data 25 de abril de 2019 para investigar a titularidade do camiño de referencia catastral 27015A022090210000SY, parcela 9021 do polígono 22, situado no lugar de Abelleiras de Abaixo, na parroquia de Santa Cristina, deste término municipal; o camiño discorre desde a pista principal vía de comunicación municipal de referencia catastral 27015A022090090000SZ ata a parcela catastral 786 do polígono 22, nunha lonxitude aproximada de 95 metros e en colindancia coas parcelas catastrales números 739, 740 e 1138 do polígono 22. De conformidade co artigo 49 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública, polo prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Cospeito, 30 de xuño de 2019.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 1633

Anuncio

Iniciado expediente por acordo do Pleno da Corporación de data 25 de abril de 2019 para investigar a titularidade da parcela que se corresponde coa referencia catastral 27015A02200538000SG, parcela 538, do polígono 22, cuxos datos identificativos catastrais son "Parcela denominada Ravexa, rústica con uso principal agrario, cunha superficie de chan de 8.158 m/2 conforme á certificación catastral de data 09/11/2018 obrante no expediente figura de titularidade do Concello de Cospeito, "Monte comunal parroquia de Santa Cristina", de conformidade co artigo 49 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública, polo prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia .

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Cospeito, 30 de xuño de 2019.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 1634

O PÁRAMO

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 28 de abril de 2019, de modificacións de créditos na modalidade de crédito extraordinario financiado con cargo a o remanente líquido de tesourería resultante da liquidación do exercicio anterior, como segue a continuación:

Estado de gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Crédito extraordinario	Créditos finais
Progr.	Económica				
453	619.08	Reforzo do firme do camiño "Ponte sobre o Río Miño a santandrea" P.K 0,030/0,555	0,00	47.516,70	47.516,70
453	619.09	Reforzo do firme do camiño "De la Lu-613, por Beleigán, a Reascos" P.K."0,880/1,475	0,00	47.804,68	47.804,68
453	619.10	Reforzo do firme do camiño "De la Lu-613, por Beleigán, a Reascos" P.K 0,880/1,475	0,00	34.701,59	34.701,59
453	619.11	Reforzo do firme do camiño "De la estrada de Santandrea a Vilarmosteiro" P.K 0,030/0,330	0,00	39.453,26	39.453,26
				TOTAL	169.476,23

Esta modificación finánciase con cargo a remanente líquido de tesourería , nos seguintes termos:

Estado de ingresos

Concepto	Descrición	Importe
870.00	Remanente de tesourería para gastos xerais	169.476,23 €

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

O Páramo, 30 de maio de 2019.- O Alcalde, Gumersindo Antonio Rodríguez Liz.

R. 1635

QUIROGA*Anuncio*

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día 16 de maio de 2019, adoptou o acordo inicial de modificación das bonificacións das ordenanzas fiscais reguladoras do Imposto sobre Bens Inmóbles e do Imposto sobre Actividades Económicas advertido un erro nas mesmas onde di " 16 de xuño de 2019" debe dicir " 16 de maio de 2019".

En cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei de Bases de Réxime Local, aprobada pola Lei 7/1985, de 2 de abril e en virtude do disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de maio, expónse ao público por un período de 30 días mediante anuncio no BOP de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. No caso de que non se presenten reclamacións, este acordo elevarase a definitivo, sen necesidade de ser sometido novamente ao Pleno.

Quiroga, 4 de xuño de 2019.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 1636

ADMINISTRACION DE XUSTIZA**TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO***Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **27 de maio de 2019**, acordou nomear, por un periodo de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

ALFOZ: titular: DOÑA MARÍA MERCEDES FERNÁNDEZ RÍO. DNI nº 76566348S.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 29 de maio de 2019.- A SECRETARIA DE GOBERNO.- Concepción Otero Piñeiro.

R. 1637

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **27 de maio de 2019**, acordou nomear, por un periodo de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

A PONTENOVA: titular: DON FRANCISCO MANUEL DÍAZ GARCÍA. DNI nº 33852212F.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 29 de maio de 2019.- A SECRETARIA DE GOBERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 1638

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **27 de maio de 2019**, acordou nomear, por un periodo de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

MURAS: titular: DON BENIGNO GÓMEZ CARBALLEIRA. DNI nº 33839280R.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de

primera instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 29 de maio de 2019.- A SECRETARIA DE GOBERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 1639

Anuncio

Dado que o Concello de **ALFOZ (LUGO)** non elixiu xuíz de paz **SUBSTITUTO** para a dita localidade, realízase unha convocatoria para que, no prazo de 15 días computados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, todos cantos teñan interese en acceder ó devandito cargo dirixan unha instancia á presidencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na Coruña facendo constar o seguinte:

1º) Nome, apelidos, DNI (fotocopia), idade e enderezo.

2º) Se desenvolveron o cargo de xuíz de paz, e se o fixeron como titular ou como substituto.

3º) Méritos que estimen oportunos.

4º) Profesión actual.

Todo isto faise público, en cumprimento do acordo da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para coñecemento de todos os interesados en solicitar a praza antedita.

A Coruña, 29 de maio de 2019.- A SECRETARIA DE GOBERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 1640

MINISTERIO DE FACENDA

DELEGACIÓN DE ECONOMÍA E FACENDA EN LUGO. XERENCIA TERRITORIAL DO CATASTRO

Anuncio

De conformidade con lo establecido en el artículo 26.2 del R.D. 417/2006, de 7 de abril, por el que se desarrolla el texto refundido de la Ley del Catastro Inmobiliario (R.D. Legislativo 1/2004, de 5 de marzo), por el presente anuncio se pone en conocimiento de todos los interesados la apertura del trámite de audiencia previo correspondiente al procedimiento de aprobación de la Ponencia de valores total de los bienes inmuebles urbanos del municipio de Sober.

El expediente de aprobación de la ponencia puede ser consultado durante el plazo de diez días hábiles contados a partir del siguiente al de la publicación de este anuncio, de lunes a viernes, dentro del horario ordinario de atención al público, en esta Gerencia, sita en Rúa do Teatro nº4-2º, a fin de que, en ese mismo plazo, los interesados puedan formular las alegaciones y presentar las pruebas que estimen pertinentes.

Lugo, 7 de junio 2019.- EL GERENTE TERRITORIAL DE LUGO, Luis Fernando Jácome López.

R.1671

FE DE ERRATAS

Advertido erro no BOP N.º 130 do día 8 de xuño de 2019, na páxina 6 con nº de rexistro 1615, en relación anuncio: INFORMACIÓN PÚBLICA CONTA XERAL 2018

Onde di:

CERVO

Anuncio

Debe dicir:

CERVANTES

Anuncio